



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DO MAR E A FEDERACIÓN PROVINCIAL DE CONFRARÍAS DE PESCADORES DE LUGO

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A directora Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro **DECLARA:**

Que esta Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro ten previsto formalizar coa Federación Provincial de Confrarías de Pescadores de Lugo o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o 14.07.2017 ata o 16.12.2017.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

Establecer as condicións de colaboración entre a Consellería do Mar e a Federación Provincial de Confrarías de Pescadores de Lugo co fin de financiar as inversións que leve a esta institución sen ánimo de lucro a acadar a mellora da competitividade.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamenta no seguinte:

Que se trata dunha subvención nominativa porque na Lei 1/2017, do 8 de febreiro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2017 figura a dotación orzamentaria no capítulo VII de Transferencias de Capital, 14.03.722A.781.5, proxecto 2014 00639, destinada a financiar convenios coas federacións de confrarías de pescadores para realizar determinadas inversións.

E de conformidade co artigo 26 da Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, os convenios serán o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente.

Que na Federación Provincial de Confrarías de Pescadores de Lugo, co obxecto de incrementar a eficiencia sen menoscabo da conciliación familiar ve necesario a adquisición do equipo técnico para a realización de video conferencias, e poder asistir a estas sen necesidade de desplazamento, facilitando a conciliación familiar e a mellora nos recursos económicos da entidade.

Que é necesario adecuar o local da Federación Provincial de Confrarías de Pescadores de Lugo, tanto no que atinxe ao sistema de calefacción como ao mobiliario.

Que nas campañas “Mar de Lugo” danse a coñecer a importancia da flota , a excelente relación calidade-prezo. Nesta liña continúaase coa campaña dirixidas aos escolares de toda a provincia de Lugo para dar a coñecer a labor das Confrarías e potenciar a imaxe do sector.



Que a Federación Provincial de Confrarías de Pescadores de Lugo organiza dende o ano 2015 o “Congreso da pesca artesanal no caladoiro cantábrico-noroeste (CNW)” que serve para poñer en común unha serie de informacións así como as principais demandas do sector para mellorar a xestión dos pescadores, mediante a xuntanza dos representantes sectoriais de todo o litoral do caladoiro CNW.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplado no Texto Refundido da Lei de Contrato do Sector Público, aprobado por Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustifico o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria , en Santiago de Compostela

A directora xeral de Desenvolvemento Pesqueiro
Susana Rodríguez Carballo

(asinado dixitalmente)

